

PAVA

‘Pava 3’, o terceiro disco de PAVA, xa está dispoñible

Desde hoxe, 19 de decembro, é posible escoitar ‘Pava 3’ nas principais plataformas dixitais e adquirilo a través do Bandcamp do grupo

O lanzamento coincide coa presentación do videoclip do tema ‘Unha cadela chamada Por Favor’ que conta coa colaboración de Gloria Pavía

O concerto de presentación oficial de ‘Pava 3’ será o vindeiro 5 de xaneiro na sala Mardi Gras da Coruña e as entradas xa están á venda en www.entradium.com



Banda PAVA | Foto: Antón & Martiño

A Coruña, 19 de decembro 2024.- Xa é posible escoitar **Pava 3**, o terceiro EP de PAVA, a banda liderada pola poeta e compositora coruñesa Lucía Aldao. Desde hoxe, 19 de decembro, *Pava 3*, un exercicio de pop luminoso, está dispoñible nas principais plataformas dixitais e é posible adquirilo [a través do Bandcamp de PAVA](#). O lanzamento coincide coa estrea do [videoclip realizado por Antón & Martiño](#) para o tema **Unha cadela chamada ‘Por Favor’**, unha balada con ritmo envolvente na que destaca a colaboración de **Gloria Pavía**.

No novo traballo discográfico da formación seguen a estar presentes as liñas mestras dos EPs previos: letras coidadas e melodías exquisitas atravesadas por cuestións de xénero, identidade sexual, idade e lingua. PAVA é agora máis poliédrica, unha banda onde Lucía Aldao exerce de *frontwoman*, e iso reflíctese tamén na súa música, máis sólida e sofisticada.



Pava 3 está composto por **cinco temas** sendo o primeiro deles **Catastro**, unha peza enérxica onde a guitarra convida a cantar, bailar e buscar, entre versos e apps, algo de paz. Ou algo tan sinxelo e esquivo como sentirse ben.

O segundo, **O himno da lesión**, é unha canción en modo supervivencia, unha oda á capacidade de seguir en pé con humor malia todas as tristeszas. Podería ser un tema terrible pero a procesión vai por dentro —ou neste caso, por detrás da canción— e a ringleira de dores muta nun retrouso que é un berro. *O himno da lesión* puido ser un laído pero é un tema definitivamente animoso, con chiscadela verbal incluída.

Segue a continuación **Tremendamente coquetas**, que se podería describir tamén como un himno pero desta volta para un planazo o un festón de benvida para todas aquelas que desexen unirse o selecto club da letra Q. Un chamamento alegre ás lesbianas e bisexuais debutantes.

O cuarto tema é o xa mencionado **Unha cadela chamada 'Por Favor'** e o peche deste álbum chega con **Catastriño**, unha versión case espida do tema *Catastro* gravada —literalmente— nunha adegba baixo terra e achegándose ao xeito íntimo de compoñer de Lucía Aldao: guitarra e voz.

5 de xaneiro: Noite de Raiñas Pavas

O concerto de presentación de *Pava 3* terá lugar na **Mardi Gras o domingo 5 de xaneiro**. A partir das 22.00 horas, a mítica sala de concertos coruñesa acollerá unha “Noite de Raiñas Pavas” alternativa, disidente pero non por iso menos máxica, á marcada polo calendario. As entradas para a cita xa están dispoñibles, por 13 €, na plataforma web www.entradium.com.

Ademais, *Pava 3* acompañarase un *merchandising* moi especial: unha edición de 200 carpetas que incluírán un código de descarga dos temas do EP, as letras impresas en follas recedentes e un póster despregable coa portada de *Pava 3*, na que Lucía Aldao é protagonista. A elección destes obxectos non é casual e operan como unha metáfora das carpetas que non se forraron e mais os pósters que non se colgaron en tantas adolescencias *noventeras*.

Biografía de PAVA

PAVA é unha banda de pop liderada por **Lucía Aldao**, que conta con **Analís** na batería, **David Santos** no baixo e **Pablo Silva** na guitarra. A poeta e compositora coruñesa é a responsable das melodías e letras dos temas mais o traballo dos arranxos é un labor de equipo ao que se suma **Julián Goicoa**, tamén produtor da banda. Ao fronte da masterización atópase **Álvaro Gallego**.

PAVA é o resultado da evolución de *Pava* (2021), o primeiro EP de Lucía Aldao, e de *Pava 2* (2022), unha segunda incursión que puxo de manifesto a necesidade dunha banda para consolidar o proxecto e ocupar un espazo baleiro no pop galego e en galego. Da boa acollida da proposta dan fe o segundo premio NARF no 2023 e mais o Premio Martín Códax na categoría de pop e indie no 2024. Este mes de decembro PAVA lanza o seu terceiro EP, *Pava 3*.

Escoita *Pava 3*: <https://pava.bandcamp.com/album/pava-3>



Videoclip de *Unha cadela chamada Por Favor*: <https://youtu.be/q5zwEv5W3G4>

Concerto de presentación de *Pava 3*

5 de xaneiro 2025 | 22.00 h | Sala Mardi Gras (A Coruña)

Tickets 13 € | <https://entradium.com/events/concerto-presentacion-pava-3>

PAVA en Bandcamp | <https://pava.bandcamp.com/music>

Kit de prensa *Pava 3* | <https://cutt.ly/Pava>

Contacto de prensa PAVA

Lucía Pita. 675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

Bea Pérez. 604 07 04 09 | bea@theofficeco.es